

XULIA PISÓN

DEBUXANTE, ILUSTRADORA E
AUTORA DE CÓMIC

"Os traballos que máis desfruto son os que me dan liberdade artística ao tempo de seren un reto, por exemplo, o deseño dos murais da Rúa Cabaleiros ou unha recente curta de animación na que tiveron o pracer de participar".

"Neste mundo hai poucas cousas que poidamos controlar, pero o que si podemos controlar é ser sinceras e honestas con nós mesmas. Pararnos a escoitar esa voz interior, inda que sexa soamente un murmuro, e ter a valentía de facerlle caso".



BIBLIOTECAS
municipais

Nacín na Coruña no 1985. Tiven unha infancia máxica de veráns no Valadouro que contrastaba co resto do ano na cidade. Na miña casa falábase galego e disfrutaba de xogar ao fútbol, así é que fora polo idioma ou polos roles de xénero, sempre me sentín algo diferente. De nova andaba algo perdida e iso reflectiuse nas decisións que fun tomando nos estudos. Do bacharelato de ciencias pasei ao de artes para finalmente rematar cursando Enfermaría; pero traballando como enfermeira había unha parte de min que me lembraba que estaba enterrada, así que retomei o debuxo de maneira case obsesiva para recuperar os anos de reprimir a necesidade de crear. Aquela sensación interior converteuse nun ruído estrondoso e decidín darme unha oportunidade. Tardei moito en atopar o meu camiño, pero finalmente matriculeime na EASD Pablo Picasso para facer ilustración.

A verdade é que teño dificultade para asumir os diferentes roles, nunca me sentín cómoda na femineidade arquetípica, no instituto tampouco me sentía de ciencias nin de letras, tampouco me sentín enfermeira cando exercín, e agora fago esforzos para recoñecerme como ilustradora. Teño a sensación de ser unha outsider, como quen observa un grupo de xente desde fora pero non está segura de participar na conversa, inda estando interesada polo tema. Xulia facendo cousas de ilustradora, de enfermeira...

A pesar da miña natureza outsider, cando decidín entrar no mundo do comic e da ilustración tomei en serio iso de "saír fóra e coñecer mundo", así que desde moi pronto entrei no Colectivo Miñoco de ilustradores. Fun parte da organización do AUTOBAN durante catro ou cinco anos e son socia da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración. Asociarse é o mellor xeito para conseguir cousas na vida, unha non pode facelo todo sempre soa!

"Moitos debuxantes e narradores comezan a súa aventura como autores na autoedición, e mesmo continúan realizando os seus traballos máis persoais e libres mediante este xeito de editar. Así que os festivais de autoedición como o AUTOBAN son o marco perfecto para coñecer cal é o panorama actual da banda deseñada galega, do que fai a xente sen as limitacións que impón o sector editorial, ademais dun punto de

encontro para coñecer a xente cos teus mesmos intereses e coa que colaborar en proxectos".

Actualmente existe a Asociación de Autoras de Cómic, da que tamén formo parte desde fai anos, que fan unha excelente labor defendendo e visibilizando ás autoras de cómic e o seu traballo nun mundo tan masculinizado como é o sector do cómic. Que cada vez o é menos, por sorte para todas!

O meu primeiro encargo importante e público foi o máis memorable, tratábase da campaña das Festas de María Pita no 2017. Eu estaba rematando o ciclo de ilustración cando me chamou o Concelleiro de Cultura e foi unha montaña rusa de emocións para min. Tiña quince días para tres carteis e paséinos chorando de pánico, do estrés púxenme enferma, e acabei facendo os traballos tres días antes da entrega, con febre e querendo desaparecer do mundo. Aprendín moito daquel traballo, especialmente a relativizar as cousas.

MICROALGAS. O MAR DE ARDORA. UNIR CIENCIA E CÓMIC

"Un equipo de investigadores da UDC coñecéume a través das miñas primeiras historias curtas e ofrecéume un proxecto de cómic divulgativo que explicara o que eran as microalgas. É raro conseguir un traballo por encargo e ben pagado, que sexa tan interesante e que che permita liberdade artística, así que foi un golpe de sorte. Co asesoramento destes investigadores creei unha historia que xuntaba a divulgación científica e o cómic nunha aventura xuvenil".

"Foi durante este proxecto cando me reconciliei con ter estudado enfermaría e ter adquirido coñecementos suficientes para entender e interpretar a información científica da que dispoñía. Deixei de sentir que "perdera" anos da miña vida noutra profesión e agradecín eses coñecementos e experiencias que adquirira como enfermeira".

